


Taboleiro de Anuncios



ANUNCIOS

-Está a vosa disposición no Centro un contenedor para reciclar aceite.

-Visita a web da Parroquia www.zamans.net


-En breve empezará a funcionar a biblioteca e a videoteca do Centro Cultural.

-Charla de saúde:"O bo uso dos medicamentos", venres 10 de outubro ás 20:30h no auditorio do centro cultural.


-Outono Cultural sábado 25 de outubro ás 20h, actuación das corais Solpor de Celanova, coral de Valladares e a coral de Zamáns.

-Recibos socios, aínda quedan pendentes de pago algúns recibos, debendo abonar 30€ os recibos familiares e 20€ os unifamiliares, pódese pagar no Centro ou en calquera oficina de Caixanova na conta 2080-0082-4-1-0040004240.


Teléfonos de interés:
Centro Cultural: 986468039
Avarías no Alumeado
Público:900333365



Asociación Veciñal Cultural e Recreativa San Mamede de Zamáns



ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA



Estimado Socio/a:

A Xunta Directiva da A.V.C.R. San Mamede de Zamáns, mediante a presente, convócalle á **ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA**, que se celebrará o vindeiro domingo **día 5 de outubro de 2008**, no auditorio do Centro Cultural ás **12:30h en segunda convocatoria**, para tratar os seguintes puntos na **ORDE DO DÍA**:

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da asemblea anterior.**
- 2.- Elección da nova Xunta Directiva, lectura das candidaturas e votación.**
- 3.- Pregos e preguntas.**

Recordámoslle que é obriga de todos os socios/as asistir ás reunións convocadas de forma axeitada pola Xunta Directiva. No caso de non ser posible a asistencia do socio/a titular á asemblea, éste pode delegar noutra persoa da súa familia, maior de 18 anos. O nome desta farase constar nesta carta, e será presentada á Xunta Directiva ó comezo da asemblea.

Socio:


D.N.I.:

Persoa en que delega :

D.N.I.:

Firma do socio/a titular:

Zamáns, 22 de setembro de 2008.




Estimados Socios/as:

Enviámosvos a programación das actividades para a próxima tempada. Para apuntarvos chamade ó 986468039 de 9:30-13:30h e de 16-20h.

ACTIVIDADES 2008-2009				
CURSO	INICIO	HORARIO	MATRÍCULA	PREZO/MES
XIMNASIA	15 SETEMBRO	LUNS E MÉRCORES 19:15-20:15H		8€/MES
BOLILLOS	OUTUBRO	MARTES 18:30-20:30H	7€	8€/MES
TAPIZADO	OUTUBRO	XOVES 19:30-21:30H	7€	10€/MES
BAILE GALEGO	TODO O ANO	XOVES 19:30-21H		2€/MES
GAITA	TODO O ANO	MÉRCORES 20:30-22H		2€/MES
PANDERETEIRAS	TODO O ANO	MARTES 20-22H		2€/MES
INFORMÁTICA ADULTOS	OUTUBRO	POR DETERMINAR		POR DETERMINAR
INFORMÁTICA NENOS	OUTUBRO	POR DETERMINAR		POR DETERMINAR
INGLÉS ADULTOS	OUTUBRO	POR DETERMINAR		POR DETERMINAR
INGLÉS NENOS	OUTUBRO	POR DETERMINAR		POR DETERMINAR
BAILE MODERNO NENOS	OUTUBRO	POR DETERMINAR		15€/MES *CON GRUPO DE 10 PERSOAS
TALLER DE RISOTERAPIA	OUTUBRO	POR DETERMINAR		17€/MES *CON GRUPO DE 15 PERSOAS
TAI- CHI	OUTUBRO	SÁBADOS 10-11H		10€/MES *CON GRUPO DE 10 PERSOAS
PILATES	OUTUBRO	MARTES 20-21:30H		17€/MES *CON GRUPO DE 15 PERSOAS
MÚSICA	TODO O ANO			2€/MES
CORAL	TODO O ANO	XOVES 21-22H SÁBADO 20-22H		
GUIARRA	OUTUBRO	LUNS 20:30-22H		POR DETERMINAR

NOTA: Os cursos poden cambiar de horario en función das preferencias da maioría e soamente se levarán a cabo se hai un número mínimo de alumnos. Para calquera dúbida chamade ó centro cultural. Os cursos de inglés poderán ser de reforzo para os nenos ou para obter a certificación de Cambridge ou Trinity.



Regulamento de Réxime Interno da Asociación Veciñal Cultural e Recreativa San Mamede de Zamáns con respecto ós cursos e actividades.

Os cursos impartidos no ámbito da Asociación clasificaranse en 2 tipos: subvencionados ou non subvencionados. Cada ano a Asociación determinará dita clasificación.

1.- Para a realización dos cursos *non subvencionados* os alumnos costearán o gasto total do curso e este, non poderá desenvolverse se non existe suficiente número de alumnos ou se durante a realización do mesmo se produce o abandono dun número importante de persoas que non permita facer fronte os gastos.

2.- Os pagos dos asistentes ós cursos faranse dentro da primeira semana do mes e por adiantado.

3.- Os profesores recibirán os seus honorarios mediante cheque nominal e dentro da primeira semana do mes seguinte, é dicir por mes vencido.

4.- Os alumnos recibirán un xustificante de pago emitido pola Asociación.

5.- Ós cursos poderán asistir persoas que non sexan socios sempre que teñan a súa residencia fixada fóra de Zamáns no momento de comezar o curso. O Prezo determinarase para cada curso.

6.- Ós cursos poderán asistir tódolos socios e socias que o soliciten e cumpran as normas das convocatorias.
